

II RAID ODISEO - CONCELLO DE ORDES



HORARIO DA PROBA

Venres 29 de Maio

- ♣ Recepción de equipos.
- ♣ De 21:30 a 23:00 h. Entrega de documentación.
- ♣ Pernocta no pavillón do Colexio Campomaioir (zona do campo da feira).

SÁBADO 30 DE MAIO

- ♣ 4:30 h. Entrega de documentación.
- ♣ 5:00 h. Briefing.
- ♣ 5:30 h. Saída do Raid (Alameda de Ordes, na estrada nacional, ó lado do Concello).

Nota: as asistencias deberán transportar para os boxes de saída todo o equipo necesario para a 2ª sección (BTT). Habilitarase un aparcadoiro exclusivo para as asistencias na parte traseira da Alameda (a 50 mts) -1 vehículo por equipo-, aínda que nas inmediacións e a esas horas debería haber prazas de aparcamento máis que suficientes para vehículos acompañantes.

- ♣ 14:00 h. Chegada primeiros equipos.
- ♣ 16:30 h. Peche de meta.
- ♣ 17:30 h. Entrega de trofeos.
- ♣ 18:00 h. Pincho-comida fin de carreira.

SECCIÓNS

1ª Sección : ORIENTACIÓN ESPECÍFICA 4 km.

Material obligatorio por participante: chaleco reflectante, frontal.

Material recomendable: polainas.

Material obligatorio por equipo: brúxula.

2ª Sección: BTT 47 km. (élite) 42 km.(aventura).

Material obligatorio por participante: luz destellante posterior, chaleco reflectante, frontal, casco.

Material obligatorio por equipo: kit reparación BTT.

3ª Sección: TREKKING (Élite mapa en “pasillo”) 9 km.

Material recomendable por participante: polainas.

Material obligatorio por equipo: brúxula.

TRANSICIÓN 1

As asistencias terán que facilitar aos corredores o material necesario para a seguinte sección.

4ª Sección: MULTIAVENTURA 6 km + natación (500 m. Élite), (300 m. Aventura).

TREKKING, NATACIÓN, ESCALADA, PONTE MONO, RÁPPEL E TREPADA MARIÑEIRA.

- ▲ **Trekking e natación:** Esta parte da sección fana os 3 de elite e 2 de aventura.
- ▲ **Escalada:** 1 de elite e 1 de aventura.

Nota: Poderase escoller entre 2 vías(III/III+ e IV/IV+) que terán unha bonificación en tempo a descontar do total invertido no Raid.

- ▲ **Ponte mono, rápel e trepada por rede:** 1 de elite e 1 de aventura (non vale o mesmo que escala).

Nota: O terceiro compoñente de elite descansa.

Material obligatorio por participante: neopreno. Para rápel precísanse guantes largos.

Material recomendable: portamapas estanco.

Material obligatorio por equipo:

Escalada: arnés.

P. mono-rápel-trepada: 1 arnés, 2 bagas cosidas, 3 mosquetóns de seguridade, oito, itc ou reverso e shunt ou marchard (1 xogo por equipo) + casco (vale btt).

Nota: os cascos de escalada facilitaraos a organización.

O equipo de escalada pode facilitalo a asistencia na zona das probas polo que non será necesario cargar con el na parte de Trekking e Natación. Nas probas de escalada, ponte, rappel e trepada neutralizarase o tempo.

TRANSICIÓN 2

As asistencias terán que facilitar aos corredores o material necesario para a seguinte sección.

5ª Sección: BTT 18 km.

Material obligatorio por participante: o obligatorio do raid e casco.

Material obligatorio por equipo: kit reparación BTT.

6ª Sección: ORIENTACIÓN URBANA 4 km.

Material obligatorio por participante: o obligatorio do raid.

Material obligatorio por equipo: o obligatorio do raid.

MATERIAL OBLIGATORIO DO RAID (SEMPRE EN CARREIRA)

Por equipo:

- ♣ Botiquín (1.5 mts de venda, antiséptico, esparadrapo, 3 barras enérxeticas).
- ♣ Teléfono móbil co PIN indicado na parte posterior.

Por participante:

- ♣ Silbato e coñecer o código morse de SOS.
- ♣ Impermeable, forro polar e manta térmica.
- ♣ Bidón ou “camelback” con bebida (un por participante).

PARTICIPACIÓN

Para participar será obligatorio ter 16 anos cumpridos ou máis, os menores de 18 anos con autorización familiar, e estar en posesión da licenza de Raid da FEDO ou da proba.

É necesario asistencia con vehículo.

FORMATO DE EQUIPO

- **ÉLITE**, con formato 3+0, tres compoñentes sempre en competición e unha asistencia.
- **AVENTURA**, con formato 2+1, dous compoñentes en competición e un corredor alternando.

INSCRICIÓN

A data límite de inscrición, improrrogable, será o **27 de Maio**. Os equipos terán que enviar o formulario de inscrición oficial e o xustificante de pago da cota ao enderezo info@clubseo.es
Debedes facer constar no correo se ides a durmir o venres 29 no polideportivo (gratis).

Cotas de inscrición

A cota de inscrición por equipo será de **54€**, os membros do equipo que non teñan licenza de Raid, tenrán que aboar 7 € / participante, para obter a licenza de proba.

O pago da cota de inscrición do equipo e das licenzas de proba faranse co concepto de ingreso de "Inscrición Raid Odiseo – NOME CLUB" na seguinte conta:

CAIXA NOVA - 2080 0170 17 0040006959

REGLAMENTOS

- A Copa Galega de Raid de Orientación estará suxeita ás normas da AgaCO <http://es.geocities.com/webagaco/> e da FEDO www.fedo.org , para os Raids.
- A modalidade de competición será **LINEAL SEN PARAR**. Os equipos clasificaranse atendendo en primeiro lugar ao número de Pcs e en segundo lugar ao tempo invertido, este será o total empregado para realizar o raid menos o tempo das bonificacións máis o das penalizacións.
- **Penalizacións:**
 1. Algunhas seccións terán un tempo máximo de realización, sobrepasalo implica non realizar a seguinte sección e penalizar a totalidade dos puntos da sección.
- **Bonificacións:**
 1. Os equipos que compitan con compoñentes femininos terán unha bonificación do 5% tempo por equipo, sendo en aventura só nas seccións donde compita o compoñente feminino. Esta bonificación farase sobre o tempo real invertido polo equipo, antes das bonificacións.

